



XUNTA DE GALICIA



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, pon a disposición da mocidade galega os cadernos informativos Abracaxove. Neles recóllense, dunha maneira sinxela e condensada, as moitas medidas que a Xunta de Galicia e outras administracións e entidades galegas están a executar a prol da mocidade. Trátase de informarvos sobre unha serie de accións e recursos en distintos ámbitos, como a educación, o emprego, a vivenda, a creatividade, o lecer, a mobilidade..., de xeito que saibades os medios que existen, quen os xestiona e onde vos podedes dirixir en cada momento.

- 1 Non enredas
- 2 Educaxove
- 3 Emprégate
- 4 Mocidade Creativa
- 5 Vivenda Xove
- 6 Ti escolles
- 7 Xuventudésaúde
- 8 O teu tempo, o noso tempo
- 9 Xuventude en movemento
- 10 En clave de...

O teu tempo, o noso tempo, infórmate sobre distintas actuacións relacionadas co voluntariado como a formación, o voluntariado europeo, plans de dinamización e actuación... que che facilitan e permiten canalizar o teu labor voluntario.



Voluntariado ambiental



Proxecto de educación ambiental multidisciplinar co obxectivo principal de involucrar a sociedade na construción dun medio rural sustentable que sexa capaz de

xerar riqueza e benestar. Adoitan participar anualmente preto de 150 persoas.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/index.php?mod=en&idg=6>

Servizo de voluntariado europeo



Ser voluntario/a nun país do programa ou nun país veciño, sempre que sexa distinto ao teu, durante un período de tempo concreto. As activida-

des poden ser culturais, de deportes, de axuda social, ambientais, etc. Este proxecto conta con 120 persoas beneficiarias anualmente.

<http://www.voluntariadogalego.org>

Plan Galego de Acción Voluntaria 2011-2015



Ferramenta administrativa que determinará os criterios de planificación e coordinación das actuacións en materia de acción voluntaria.

<http://www.voluntariadogalego.org/upload/asc/not/0-1625-d-III%20PGAV.pdf>

Voluntariado galego



O portal
www.voluntariadogalego.org
é un portal activo que permite

o fluxo de información e comunicación entre a Administración autonómica e as entidades de acción voluntaria. Ademais, proporciona información sobre todas as axudas e novidades en relación co voluntariado en Galicia.

Voluntariado de recuperación do patrimonio cultural galego



O programa de voluntariado patrimonial permitirá a intervención dun cento de persoas voluntarias na posta en valor do importante patrimonio histórico e artístico de Galicia.

<http://www.voluntariadogalego.org>



Pasaporte solidario



Esta iniciativa está dirixida a alumnado de terceiro, cuarto, quinto e sexto curso de Primaria e ao estudiantado de educación secundaria obrigatoria. Cada mozo e moza que queira participar neste programa recibirá un pasaporte no que se lle propondrá facer ao longo dos próximos meses distintas propostas de acción voluntaria.

As accións que desenvolva cada estudante serán seguidas de cerca, xa que, posteriormente, un xurado avaliará o traballo levado a cabo e outorgará premios, tanto individuais como colectivos.

<http://www.voluntariadogalego.org>

Voluntariado no sistema universitario de Galicia



A través dun convenio coas tres universidades galegas, foméntase o papel do/a voluntario/a na comunidade universitaria a través de ámbitos de actuación: promoción da cultura da solidariedade,

apoio á formación, seguimento e coordinación da acción voluntaria.

<http://www.voluntariadogalego.org>

Voluntariado xuvenil

O programa consiste nunha plataforma para poñer en contacto as persoas con vocación voluntaria e as entidades que impulsan accións deste tipo, sexan asociacións, organizacións ou concellos. No primeiro ano da posta en marcha deste servizo innovador, a Xunta estima que se desenvolverán máis de 5000 xornadas de actividades voluntarias en toda Galicia.

As persoas participantes poderán obter nestas xornadas o certificado oficial de educación non formal.

<http://www.voluntariadogalego.org>

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Plan de formación do voluntariado



Oferta de actuacións en materia de formación continua destinadas principalmente a colaboradores coas entidades de voluntariado, as cales implicaron anualmente a 1100 mozos e

mozas aproximadamente.

<http://www.voluntariadogalego.org>

Feira galega do voluntariado



A Feira Galega do Voluntariado celébrase con dous obxectivos: por un lado, difundir e promover a labor das asociacións na

nosa comunidade e, por outro, recoñecer e agradecer ese labor desinteresado que prestan as persoas voluntarias. Este evento conta cunha participación anual que se aproxima ás 1000 persoas que se integran neste espazo de cooperación horizontal e de converxencia multisectorial, e que serviu para dar visibilidade e difundir as actividades solidarias e de traballo voluntario que as entidades desenvolven en favor da comunidade.

<http://www.voluntariadogalego.org>

Fomento do voluntariado



Axudas a entidades de acción voluntaria, a concellos e a mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado. Son arredor de 350 as entidades beneficiarias destas axudas anualmente.

<http://www.voluntariadogalego.org>

Lei de acción voluntaria



A Lei de acción voluntaria actualiza, fomenta e prestixia o traballo das persoas voluntarias que desenvolven o seu labor en Galicia e pon en valor o voluntariado formalizando a acción voluntaria a través dun certificado de educación non formal.

<http://www.voluntariadogalego.org/upload/ppr/87-d-lei-accion-voluntaria-galiza.pdf>





galicia



XUNTA
DE GALICIA